unidade didáctica

"Cambiando os guións, eu tamén quero ser..."

INTERVENCIÓN ESCOLAR PARA UNHA ELECCIÓN PROFESIONAL MÁIS LIBRE

Fondo Social Europeo

eQual

MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

+as
conta CONeLAS
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Edita
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Proxecto Equal Conta con Elas - A.D. Área Metropolitana de Vigo

Dirección do Proxecto
Ana García Barrio
Directora do Proxecto Conta con Elas.

Coordinadora da publicación
Gloria Pérez Durán
Coordinadora da área de *Atención a persoas e Sensibilización socieducativa* do Proxecto Conta con Elas.

Realización e adaptación de contidos
LILITH. Acción Social e Educativa, S.L.

Deseño e maquetación
magenta

Imprime
diumaró

Depósito legal
VG

prólogo

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo xestiona dende marzo de 2005 o proxecto Equal "Conta con Elas", que está cofinanciado polo Fondo Social Europeo. O seu obxectivo principal é a sensibilización social, institucional e empresarial cara á procura da diminución da segregación laboral, horizontal e vertical no emprego, co fin de facilitar a inserción e a promoción profesional das mulleres en sectores de actividade tradicionalmente masculinizados.

Ao meu entender, un dos valores fundamentais deste proxecto está no seu cerne: o feito de que as entidades promotoras sexan, non só as entidades locais, a través da Mancomunidade e a Deputación, senón tamén os tres sindicatos maioritarios na Área Intermunicipal (UGT, CCOO e CIG), a Confederación de Empresarios de Pontevedra, a Universidade de Vigo e a Fundación Caixanova. Todas estas entidades conforman a Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo", que supón a confirmación de que unha estreita colaboración entre os actores políticos, sociais e empresariais, é fundamental para asegurar o éxito das políticas de emprego, de igualdade e de tódalas políticas sociais en xeral.

Neste senso, Vigo e a súa Área Intermunicipal teñen un longo camiño percorrido, e Conta con Elas é unha boa mostra diso. Un dos moitos froitos deste proxecto é esta publicación que teño a satisfacción de presentar.

A participación das administracións nas tarefas de sensibilización e na posta en marcha de políticas de igualdade é fundamental. Así, Conta con Elas tivo como unha das liñas de actuación a sensibilización no ámbito educativo coa finalidade de que toda a comunidade escolar e educativa asumira a necesidade de incorporar o principio de igualdade de oportunidades, e provocar así un proceso de reflexión sobre os prexuízos e estereotipos de xénero existentes entre a poboación máis nova. Estas accións contribúen a unha maior diversificación da formación e das ocupacións da xuventude, acadando nun futuro próximo unha maior presenza igualitaria de ambos sexos en todas as ramas profesionais.

Todo isto, e moito máis, quedou plasmado nesta publicación, que forma parte dun nutrido conxunto de edicións, coa intención de dar a coñecer á sociedade e ás administracións os resultados destes anos de intenso traballo en prol da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Abel Caballero Álvarez
Presidente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

índice

1contextualización p. 07
2introducción p. 09
3descrición p. 11
4obxectivos p. 13
5contidos p. 15
6metodoloxía p. 17
7temporalización p. 19
8persoas destinatarias p. 21
9marco teórixo
A. SISTEMA SEXO-XÉNERO p. 23
B. A DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO p. 26
C. A TRASNVERSALIDADE E A COEDUCACIÓN p. 28
D. A ACCIÓN TITORIAL E A ORIENTACIÓN FORMATIVO-LABORAL NOS CENTROS EDUCATIVOS p. 30
E. DATOS DA DESIGUALDADE p. 32
10dinámicas p. 35
dinámica1: enquisa inicial para o profesorado p. 36
dinámica2: os soles diversos p. 38
dinámica3: eu quero ser p. 42
dinámica4: mural das profesións p. 46
dinámica5: as posturas adquiridas p. 48
dinámica6: se el nacera muller p. 50
11avaliacións p. 53
12glosario p. 57
13bibliografía p. 61

1

contextualización

A realización do obradoiro *Cambiando os guións: eu tamén quero ser*, sobre a división sexual do traballo e a segregación por sexos á hora da elección profesional, enmárcase dentro do proxecto *Conta con Elas*. O seu principal obxectivo é diminuír a segregación laboral, horizontal e vertical, mediante unha intensa tarefa de sensibilización levada a cabo en tres niveis: socio-educativo, institucional e empresarial-laboral, así coma a promoción profesional das mulleres en sectores e ocupacións masculinizadas.

Foron realizados 61 obradoiros nun total de 29 centros escolares, tanto públicos como privados, da área metropolitana de Vigo. Participaron 1.119 escolares dos que 555 eran mulleres e 564 homes.

Os obradoiros ían dirixidos tanto para o alumnado de 3º como de 4º da ESO xa que as persoas deste nivel teñen un interese maior pola súa futura orientación e formación no ámbito laboral. O obradoiro impartíase en cada aula durante dúas sesións continuas de 50 minutos cada unha.

Antes de seguir lendo facémosche a seguinte proposta: realiza a avaliación número 1 dirixida o profesorado como toma de contacto coa unidade didáctica. Unha vez realizada, animámoste a seguir lendo e a poñer en práctica a unidade didáctica na aula.

2

introducción

Aínda que, hoxe en día, na nosa sociedade xa é indubidable a igualdade xurídica entre homes e mulleres, aínda que o mercado laboral integrou o traballo delas no seus niveis baixos e intermedios, a discriminación por razón de xénero continúa a ser unha realidade vixente. Mulleres e homes continuamos inmersos nunha sociedade patriarcal onde existen marcadas relacións asimétricas entre sexos que impiden, en igualdade de condicións (oportunidades), o acceso a dereitos fundamentais como a educación, a saúde, o poder e por suposto o traballo. Ao longo do noso proceso de socialización, a discriminación de xénero limita as nosas potencialidades como persoas xa que proxecta en nós o que o noso sistema social e cultural espera, mandándonos mensaxes e creando expectativas. Estas expectativas vinculan a muller co ámbito doméstico e co coidado e o home co ámbito público.

Todos estes factores inflúen á hora da elección profesional tal é como o amosan as enquisas, que nos lembran que un 85% das mulleres asalariadas dedícanse ao sector servizos, onde, a súa vez, a maioría delas ocupan as categorías laborais máis baixas e peor retribuídas.

O traballo coeducativo parte da necesidade de superar os estereotipos masculinos e femininos na escola. Implica enfrontar a educación desde un punto de vista afectivo-cognitivo e actitudinal e tomar como centro a persoa (á marxe do xénero que se lle asigne socialmente).

Hoxe sabemos que os estudos, ao igual que as propostas e orientacións que xurdan deles, deberán tratar de ofrecer solucións á realidade das mulleres. Desde a nosa perspectiva, o problema pasa por entender mellor a índole dos problemas relativos ao xénero que están obstaculizando o progreso (ou a superación das situacións de exclusión) das mulleres. Por iso, consideramos importante levar a cabo no ámbito educativo accións destinadas à consecución da igualdade de oportunidades entre mozas e mozos. Dentro deste marco pretendemos traballar ao redor da diversificación profesional, tentando acadar unhas profesións menos nesgadas polos estereotipos de xénero, para

que as rapazas e os rapaces teñan a posibilidade de soñar con ser o que queiran sen sentirse condicionadas e condicionados, á vez que se propoñen mecanismos de análise, aprendizaxe e reflexión.

Por último, non debemos pasar por alto que adoptar unha perspectiva de xénero non consiste en falar de "cousas de mulleres" ou, dito doutro xeito, os asuntos das mulleres deben ser interpretados como asuntos de primeira orde que atinxen a mulleres e a homes. Desta maneira, entendemos que a mellora da situación das mulleres significa a mellora no benestar da sociedade en xeral, xa que este será imposible sen a participación da metade da humanidade que elas representan.

3

descrición

O tema sobre o que xira esta unidade didáctica é a orientación profesional, explícita ou oculta, que recibe o alumnado a través da perspectiva de xénero no ámbito escolar.

As actividades que se propoñen están pensadas para que o alumnado adquira novas ferramentas ao redor da análise e reflexión destas relacións.

Para a posta en práctica desta unidade é importante propoñerlle ao alumnado que reflexione e analice como se conforma a súa realidade polo feito de ser mulleres ou homes.

O número máximo de sesións que compoñen esta unidade son seis, mais están estruturadas modularmente de xeito que o profesorado poida adaptalas as horas que teña dispoñibles para a súa posta en práctica.

O ciclo para poñer en práctica esta unidade didáctica corresponderíase co segundo ciclo da ESO.

4

obxectivos

conceptuais

\ Descubrir as causas e as formas de aprendizaxe dos roles de xénero.

\ Intervir no ámbito escolar desde a perspectiva de xénero.

\ Promover a práctica coeducativa nos centros de ensino.

\ Analizar as causas principias das desigualdades entre homes e mulleres.

\ Observar os condicionantes de xénero que temos á hora de elixir as profesións.

\ Elixir as profesións dun xeito máis libre.

\ Aplicar a perspectiva de xénero á orientación laboral.

procedimentais

\ Debater sobre a desigualdade entre mulleres e homes.

\ Aplicar os datos teóricos nunha análise da experiencia cotiá.

actitudinais

\ Aprender formas de relación respectuosas e equitativas.

\ Valorar as persoas como seres completos e diversos.

\ Ampliar as nosas capacidades e ferramentas á hora de analizar a nosa realidade cotiá.

5

contidos

A construción social das categorías sexo e xénero.

Os estereotipos e os roles de xénero.

A socialización diferencial por sexos como forma de discriminación das mulleres.

A división sexual do traballo.

- As súas orixes.
- As consecuencias para as mulleres.
- Medidas e respostas para o cambio.
- Como nos afecta actualmente a división sexual do traballo.
- Condicionamentos á hora de elixir as nosas profesións.

6

metodoloxía

A metodoloxía que guía todo proceso ten un carácter claramente participativo e parte da concepción da investigación-acción. Trátase dun proceso no que as persoas integrantes no programa educativo sexan as protagonistas e os protagonistas do seu propio proceso de formación. A participación posibilita as persoas para producir coñecementos colectivamente e apropiarse deles, para comprender a realidade en que viven. Este proceso parte das vivencias e observacións persoais e grupais e a partir delas compártese, analízase, cuestiónase, teorízase e búscanse solucións.

A metodoloxía que guía as dinámicas propostas parte dos coñecementos, vivencias e actitudes previas así como do momento bio-psico-social das participantes, procurándose unha aprendizaxe significativa e construtiva baseada nos seus intereses, necesidades e capacidades.

As técnicas propostas propician a reflexión persoal e colectiva, o desenvolvemento do espírito crítico e incitan á investigación, ao diálogo e á comunicación, así como ao manexo de diversas fontes e recursos.

7

temporalización

Os obradoiros realizados dentro do proxecto *Conta con Elas* estaban deseñados para que tivesen unha duración de hora e media ou dúas sesións continuas.

Consideramos que este tempo serve para conseguir unha aproximación inicial ao tema, polo que recomendamos unha duración da unidade didáctica de seis sesións, que serían as que corresponderían á realización da totalidade das actividades propostas.

No caso de falta de tempo durante o curso escolar, recoméndase un mínimo de dúas sesións continuas onde se levarán a cabo as actividades que se marcan como necesarias no apartado anterior.

8

persoas destinatarias

A realización desta unidade didáctica está pensada para persoas de 3º e 4º da ESO.

Aínda que o óptimo sería facer toda a unidade didáctica, salientamos as seguintes dinámicas para realizar co alumnado de 3º da ESO:

- Os soles diversos.
- As posturas adquiridas.
- Se el nacera muller.

Estas actividades inciden máis no tema da socialización e das relacións de xénero. Temas importantes para traballar como paso previo á división sexual do traballo e aos condicionantes de xénero á hora de elixir as profesións.

Para 4º da ESO é importante que se realicen as actividades dedicadas á orientación laboral e á análise da división sexual do traballo, pola proximidade que teñen tanto para decantarse por unha continuación nos estudos ou pola súa próxima incorporación ao seu primeiro traballo.

Para o alumnado de 4º da ESO recoméndase a realización completa da unidade didáctica.

9

marco teórico

A. O SISTEMA SEXO-XÉNERO

Para comezar esta unidade didáctica é importante aclarar dous termos, aos que nos referiremos constantemente ao longo de todo o seu desenvolvemento, que constitúen o sustento teórico de moitas das prácticas que analizan, estudan e actúan no ámbito das desigualdades entre os homes e as mulleres. Son os termos *sexo* e *xénero*.

Sexo. Cando falamos de sexo referímonos as características biolóxicas das persoas.

Xénero. Cando falamos de xénero referímonos ao conxunto de atribucións sociais e culturais que se outorgan a cada persoa segundo o seu sexo e que lle asignan valores e tarefas diferenciadas.

Estas características varían no tempo e tamén nas diferentes culturas. De feito, non teñen as mesmas atribucións as mulleres de Xapón que as mulleres galegas.

O sexo e o xénero funcionan como un "sistema de relacións" onde é importante facer notar que por riba dunhas características biolóxicas diferenciadas, que hoxe en día tamén se cuestionan, existe unha asignación de atribucións culturais que son naturalizadas, o que provoca que as persoas as interioricen e as asuman como propias.

Así, o conxunto de características, expectativas e oportunidades que cada cultura asigna as persoas en función do seu sexo é unha construción social e polo tanto continxente, non natural.

O sistema de xénero funciona como un sistema que contrapón o masculino ao feminino ou o home á muller, baixo o poder outorgado aos homes ou ao masculino e unha desvalorización das mulleres e do feminino.



Así este sistema de relacións está baseado na inequidade que tan só desaparecerá cando o sistema deixe de funcionar.

Estas diferentes pautas ou condutas para os homes e para as mulleres, segundo as diferentes sociedades, aprendémolas a través da socialización que se dá fundamentalmente no ámbito da familia, da escola e nas prácticas de relación da sociedade en xeral, tendo como consecuencia un desenvolvemento parcial tanto para as mulleres como para os homes.

Para superar este sistema, é importante decatarse da súa inequidade e valorar as mulleres como motores de cambio cara a unha estrutura social e de relacións humanas equitativas, como parte dunha cidadanía sustentadora dos mesmos dereitos e oportunidades.

Estereotipos de xénero

Por estereotipos de xénero enténdese o conxunto de características que se lles aplica ás persoas dependendo a súa pertenza a un sexo ou a outro.

Os estereotipos de xénero implican xeneralizacións que negan o coñecemento da individualidade das persoas, creando así categorías de atribucións diferentes para o feminino e o masculino.

Baixo esta norma dánse unha serie de presupostos tales como: “Os homes son máis racionais e as mulleres máis emotivas”.

Con este exemplo tamén podemos observar que funcionan como categorías polarizadas, complementarias e excluíntes, ademais de forxar un coñecemento da realidade moi parcial e que limita tanto as mulleres como os homes.

Roles de xénero

Son os papeis sociais que se lle asignan a cada sexo e que se sustentan na base dos estereotipos de xénero.

Os roles que tradicionalmente se lles asignan ás mulleres son os relacionados co coidado e crianza dos fillos e da familia e da xestión do fogar.

Os roles que se lles asignan aos homes son os relacionados co mantemento e a manutención.

Para o estudo tanto dos estereotipos e roles como das relacións de xénero aplícase unha análise ou perspectiva de xénero que se cuestiona as relacións de poder desiguais que se dan entre mulleres e homes nos grupos sociais en que vivimos.

B. A DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO

A explicación de porqué, hoxe en día, os traballos da casa os realizan ou son asignados maioritariamente ás mulleres vén da estrita división do traballo por sexos que se realizou na época industrial.

Historicamente a partir desa data as mulleres foron socializadas para realizar os labores domésticos con todo o que iso implica, xestión do fogar, coidado dos nenos e das nenas, limpeza, alimentación etc. aínda que si houbo momentos de incorporación das mulleres ás fábricas en situacións históricas que así o requirían.

Mentres tanto, o traballo remunerado, que daquela empezaba a darse nas fábricas, converteuse nun traballo realizado estritamente polos homes.

Actualmente, esta estrita división do traballo comezou a diluírse xa que a partir dos anos sesenta as mulleres comezaron a incorporarse masivamente á esfera laboral, nesta última década cada vez máis homes se ocupan, tamén, do traballo doméstico, aínda que isto último acontece dun xeito moi lento.

Pero que esta estrita división dos espazos, entre o que é a esfera pública e a esfera doméstica ou privada, se dilúa non implica que a división sexual do traballo desaparecese. De feito, moitas das desigualdades que teñen as mulleres no ámbito laboral actualmente proceden desta división.

A división sexual do traballo como xeradora de desigualdades

Se nos centramos nas diferentes consideracións que socialmente existen sobre o traballo que se realiza no

ámbito doméstico e o que se realiza no ámbito público, poderemos entender mellor moitas das desigualdades que teñen as mulleres:

\ O traballo do ámbito doméstico realízase de xeito individual, invisibilizado, pouco recoñecido, infravalorado e non remunerado. Non obstante, este traballo é imprescindible pois del beneficiase a sociedade no seu conxunto, xa que supón unha importante achega á produción social.

\ O traballo realizado no ámbito público está remunerado economicamente, recoñecido e valorado socialmente.

O traballo realizado neste ámbito pode chegar a proporcionarlle á persoa que o exerce prestixio social e converterse así nunha peza importante dentro do seu proceso de realización persoal.

A división sexual do traballo e dos espazos condicionou, e continúa a condicionar, a incorporación das mulleres á esfera do traballo público, porque esta incorporación non veu acompañada dunha diminución da carga de traballo que teñen as mulleres no ámbito doméstico.

Aínda que as mulleres traballen no ámbito público, continúan a ser as principais xestoras do ámbito doméstico, provocando o que se dá en chamar a dobre xornada laboral.

Se ben é certo que cada vez máis homes se comezan a responsabilizar da parte que lles corresponde das tarefas do fogar, o peso da súa xestión continúa a recaer maioritariamente nas mulleres.

O feito de que sigan a ser as principais responsables do ámbito doméstico e do coidado da familia e das persoas dependentes fai que laboralmente teñan unha maior taxa de desemprego, precariedade e un maior número de contratos a tempo parcial, non sempre elixidos por vontade propia. Iso redunda nunha menor retribución económica.

Todo isto provoca que moitos dos traballos que desenvolven as mulleres non deixen de ser prolongacións dos traballos que desenvolven no ámbito doméstico: educación, limpeza, administración, enfermaría etc. profesións que están peor remuneradas e valoradas, dando lugar ao que se coñece como a segregación horizontal no traballo. A segregación vertical é a que se produce porque as mulleres ocupan os postos laborais con menores responsabilidades.

C. A TRANSVERSALIDADE E A COEDUCACIÓN

Transversalidade

O sistema educativo que se implantou coa LOGSE (Lei 1/1990. de 3 de outubro), e actualmente coa LOE (Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio), contempla a necesidade de superar a socialización de xénero promovendo e facilitando o pleno desenvolvemento do alumnado como persoas.

A escola ten como función principal a educativa, colle relevancia, así, a educación en valores para responder aos problemas sociais máis urxentes, entre eles a desigualdade de xénero.

Un dos obxectivos que se persegue como aparece na propia LOGSE é:
"a educación integral das persoas , que sexan críticas, igualitarias, solidarias, impregnado o currículo así de valores cívicos e éticos...".

Introdúcese desta maneira a transversalidade para acadar *"unha sociedade máis democrática onde os valores de respecto as persoas e a unha mesma, sexa un dos piares fundamentais"*. Dentro disto, a educación para a igualdade de xénero proponse como un dos piares básicos dentro da transversalidade.

A transversalidade trata de que desde todas as materias (matemáticas, historia, lingua, educación física...) se faga unha análise crítica desde a perspectiva de xénero, onde se explicite a ocultación e desvalorización de todo o relacionado co feminino e onde se eduque o alumnado desde unha posición integral como persoas.

Coeducación

É importante ter en conta que nos centros educativos se transmiten contidos, metodoloxías etc. (*currículo explícito*) e incúlcanse uns determinados valores no alumnado pola forma en que se ensina, as relacións persoais que se forxan, a organización dos tempos mais dos espazos, a linguaxe que se emprega etc. Ademais dos valores que van peneirados polas traxectorias e vivencias persoais do propio profesorado, que vai conformando o chamado *currículo oculto.*

A escola, como xestora dun sistema educativo, transmite os valores imperantes, determinados polas diferentes culturas, materializándoos en actitudes, pensamentos e normas para adaptarse ao medio.

Mais a escola debe revisar e analizar a cultura que transmite e asumir unha actitude transformadora para incorporar á súa organización novos valores que xeren novas actitudes, normas e pensamentos.

Para que a escola deixe de ser transmisora de desigualdade é importante que integre a coeducación. Esta, como perspectiva integral, tenta recoñecer aquelas cuestións tradicionalmente consideradas relativas ás mulleres, recuperando aqueles valores que se xulgan como femininos, visibilizándoos e facilitando a súa incorporación ao patrimonio plural.

Aínda que o sistema educativo por si mesmo non pode acadar unha transformación que garanta a igualdade (nin sequera a de oportunidades), é importante non menosprezar a súa contribución ao cambio de cara á igualdade.

Por todo iso, é importante a revisión dos roles que se desenvolven dentro do ámbito escolar, xa que a desaparición (non de todo) dos signos máis evidentes de discriminación respecto ás mulleres non significa que o sistema educativo perdera a súa orde patriarcal.

A escola debe tentar corrixir as desigualdades sociais e culturais a partir de prácticas psicopedagóxicas específicas e revisando e analizando o sexismo na práctica actual educativa.

Por todo iso, é tamén preciso que se revise a estrutura dos centros educativos nos seguintes eidos:

- \ usos dos espazos
- \ relacións dentro da aula e do centro (entre alumnado e profesorado-alumnado, entre o profesorado e co resto do persoal)
- \ proxeccións das expectativas no alumnado en función dos sexos
- \ contidos curriculares
- \ orientación profesional
- \ a linguaxe
- \ actividades deportivas e extraescolares
- \ libros de texto

D. A ACCIÓN TITORIAL E A ORIENTACIÓN FORMATIVO-LABORAL NOS CENTROS EDUCATIVOS

Tendo en conta toda a situación que acabamos de describir con respecto á muller e ao ámbito laboral, e se tomamos como punto de partida que o sistema educativo ten, como unha das súas responsabilidades, orientar profesionalmente o seu alumnado a través dos diferentes coñecementos teóricos ou de cualificación que imparte pero, tamén, desenvolvendo as súas capacidades e observando os cambios que acontecen a nivel social, é importante analizar que a acotío, dentro da labor orientadora dos centros, non se reflexiona ao redor das expectativas laborais xeradas no ámbito familiar, escolar e social en función do xénero da persoa, que máis tarde influirán na toma de decisión ou nunha elección profesional de cada alumno ou alumna.

Se esa reflexión non ocorre dentro dos departamentos de orientación, dun xeito ou doutro, estaranse a perpetuar eleccións profesionais con marcado nesgo de xénero que, á súa vez, redundan na perpetuación da división sexual do traballo.

Así, parece insuficiente partir dunha análise de intereses ou capacidades persoais para a toma de decisións académico-profesionais do alumnado; é imprescindible analizar e facer ver ao alumnado como os condicionantes de xénero, xunto con outros factores, inciden na construción das nosas identidades persoais.

Para iso é importante que nas aulas se analice de que forma as expectativas, que outras persoas teñen sobre nós, nos inflúen nas eleccións profesionais e nos intereses que imos conformando ao longo da nosa vida.

Por isto, desde os plans de orientación dos centros débese observar o porqué da elección dos itinerarios formativos dos rapaces, que son maioritariamente científico-técnicos, e o das rapazas, que son máis asistenciais ou relacionados coa estética.

Ademais debería analizarse a situación real tanto das mulleres como dos homes no mundo laboral e o papel das familias na construción das identidades (reparto das tarefas no ámbito doméstico).

En resumo, é importante que desde os departamentos de orientación e a acción titorial:

- **Se cuestionen e traballen os estereotipos sexistas.**
- **Se oferte unha amplo abano de profesións.**
- **Se traballen as pautas importantes de acceso ás diferentes profesións, pasos a seguir, dificultades, metas a acadar e saídas profesionais das diferentes eleccións formativas.**
- **Se informe da situación do mercado laboral.**

Todo isto coa finalidade de ampliar as perspectivas de futuro do alumnado dun xeito realista e de contribuír a facilitar información e reflexión acerca das propias aptitudes e intereses, para que se desenvolvan estratexias de toma de decisións do seu propio proxecto vital e persoal.

Por este motivo, preséntase como necesario modificar as opcións profesionais das rapazas xa que, aínda que desaparezan os obstáculos externos (que lles impiden o acceso a determinados estudos profesionais), os hábitos e os condicionantes de xénero xunto coa ausencia de referentes e exemplos que ven no seu contorno, hai unha tendencia a dirixilas cara aos estudos e profesións tradicionalmente femininas, que son as que están máis infravaloradas e peor remuneradas socialmente.

Por iso é importante que desde os centros educativos se ensine e se abra o abano das rapazas en diferentes profesións, a través de charlas e encontros con mulleres, xunto cunha reciclaxe do profesorado para que non continúe a transmitir as opcións laborais tradicionais e que se amplíe esta formación cara aos novos obxectivos.

E. DATOS DA DESIGUALDADE[1]

Mulleres na Universidade

O 52,8% das persoas matriculadas son mulleres e, non obstante, hai 4 reitoras e 68 reitores nas universidades españolas.

Na súa meirande parte concéntranse nas ramas das ciencias sociais ou sanitarias especialmente en:

- \ Ciencias da Educación 84,79% mulleres
- \ Enfermaría/Fisioterapia 81,67% mulleres
- \ Filoloxía 81,09% mulleres
- \ Maxisterio 69,23% mulleres

En cambio noutras carreiras o número é menor. Nótese que son carreiras de maior prestixio, saída profesional e maior remuneración como:

- \ Enxeñarías 22,31% mulleres

Emprego

A taxa de desemprego feminina duplica a masculina.

O 60% dos contratos indefinidos realízanselles aos homes.

A temporalidade feminina é do 34% e a masculina do 27%.

O 40% do emprego feminino concéntrase nas ramas que se coñecen co nome de feminizadas. Estas ramas son :

- \ Sanidade, servizos sociais e veterinaria onde, de cada 100 persoas que traballan, 73 son mulleres.
- \ De cada 100 persoas que se dedican á educación 65 son mulleres.
- \ Servizos a comunidade e outras actividades sociais 53%.
- \ De cada 50 persoas que traballan nos servizos domésticos 45 son mulleres.

[1]No anexo achéganse as fontes de onde foron sacados os datos deste apartado.

Dentro das ramas consideradas "masculinizadas" as porcentaxes máis baixas de participación das mulleres localízanse en :

\ Construción: de cada 100 persoas que traballan na construción só 7 son mulleres.

\ De cada 100 operadores de maquinaria ou instalación só 13 son mulleres.

Nos postos de dirección de empresas ou nos altos cargos da Administración pública por cada 100 persoas só 31 son mulleres.

De cada 4000 euros que gaña un home directivo, unha muller directiva gaña 1280 euros.

Por cada 3000 euros que gaña un enxeñeiro, unha enxeñeira gaña 1890 euros.

De cada 1000 euros que gaña un home, no mesmo posto de traballo, unha muller gaña 720.

De cada 100 mulleres que traballan fóra do fogar 87 asumen totalmente as tarefas relacionadas co ámbito doméstico.

O tempo dedicado ao traballo doméstico

Cada día as mulleres dedican unha media de 7 horas e 20 minutos ás tarefas domésticas mentres que os homes dedican unha media de 3 horas e 10 minutos.

Se desagregamos estas tarefas encontrámonos co seguinte reparto de tempos:

	mulleres	homes
Traballo na casa	3,58 h.	0,44 h.
Mantemento	0,27 h.	0,55 h.
Coidado da familia	1,51 h.	0,51 h.
Compras	0,53 h.	0,26 h.
Servizos	0,13 h.	0,14 h.

Dentro de todos estes datos tamén é interesante subliñar que máis da metade das persoas que viven por debaixo do limiar da pobreza son mulleres.

10

dinámicas

As dinámicas propostas na unidade didáctica presentan a seguinte estrutura: descrición, obxectivos específicos, duración, materiais, desenvolvemento, orientacións para realizar as dinámicas e fichas para o alumnado e para o profesorado.

A orde coa que aparecen as dinámicas está pensada para traballar dun xeito progresivo os temas que se tratan nesta unidade, poderíase traballar con outra dependendo das necesidades e coñecementos de cada aula, aínda que a recomendación é a de seguir a orde proposta.

dinámica 1: enquisa inicial para o alumnado

O obxectivo da enquisa inicial é propiciar un achegamento e unha reflexión sobre os temas a traballar durante as diferentes actividades propostas na unidade didáctica.

Obxectivos

\ Facer un achegamento á realidade e aos referentes familiares que ten o alumnado.

\ Observar as súas expectativas profesionais e comparalas coas expectativas familiares.

\ Comprobar se os referentes das profesións familiares teñen un marcado carácter de xénero.

\ Saber diferenciar o concepto de traballo do de emprego remunerado.

\ Comprobar se se mantén a división sexual das tarefas do fogar por parte do alumnado realizando basicamente as mulleres as tarefas domésticas.

Duración

15 minutos

Materiais

Bolígrafo, folios e ficha 1 (Enquisa inicial para alumnado)

Desenvolvemento

1. Cada alumna/o cobre a ficha 1: Enquisa inicial para alumnado

2. Posta en común dos resultados tendo en conta as seguintes claves:

Referentes ou proxeccións que teñen a nivel familiar e o porqué deles.

Comparación do número de tarefas que realizan as rapazas e os rapaces da aula na súa casa.

Análise do que se entende por traballo e do que se entende por emprego remunerado.

Orientacións para o profesorado

É importante fixarse nesta dinámica tanto na resposta como no razoamento que realizan dela, xa que é dese razoamento de onde podemos conseguir unha información máis cualitativa.

Reflexións obtidas sobre a experiencia

Os ámbitos familiares manteñen un marcado carácter de división sexual do traballo, tanto nas profesións que desempeñan as nais ou os pais no ámbito público como nas tarefas do ámbito doméstico.

Tamén é importante subliñar que a maior parte do alumnado entende unicamente por traballo aquel que está remunerado, non tendo en conta e infravalorando o traballo realizado no ámbito doméstico; a maioría das persoas destacan que é un traballo que realizan as nais ou as mulleres da casa.

Así pois, unha porcentaxe moi elevada do alumnado que realizou a enquisa (70%) considera que é o pai quen dedica máis tempo ao traballo ao longo do día.

Salientar, tamén, que as rapazas respondían nas enquisas que admiran preferentemente as mulleres do seu contorno e os rapaces os homes.

Con maior predominancia as rapazas admiran:

\ nai
\ irmás maiores
\ primas, tías
\ algunha amiga ou profesor/a (en menor medida)

E os rapaces admiran:
\ pai
\ avó
\ irmáns maiores
\ irmáns de amigos
\ tíos

As rapazas o que máis valoran das mulleres achegadas a elas non é tanto a súa profesión senón o esforzo que lles supuxo chegar ata onde están. Dentro desta liña, moitas das rapazas recoñecen que non lles gustaría ter os oficios das súas avoas ou nais porque cren que están moi agoniadas e estresadas.

As rapazas que destacaron na enquisa que admiraban algunha persoa masculina salientaron, maioritariamente, que é polo oficio que estas persoas desempeñan.

Do mesmo xeito que tamén valoran o esforzo empregado dentro da súa profesión, entendendo por este esforzo:
\ Estar fóra da casa todo o día.
\ Ter que viaxar.
\ Estar lonxe ou pouco tempo coa familia.
\ Sacar os seus fillos adiante cos seus cartos.

Todas estas son atribucións que reafirman o estereotipo de xénero masculino como provedor do sustento familiar.

Os rapaces que salientaron que admiraban os homes achegados a eles polo seu oficio era porque:
\ Son importantes.
\ Gañan cartos.
\ Fan o que queren.

Tamén moitos deles subliñaron que grazas ao traballo do seu pai eles podían estudar.

Por último, remarcar que a moitos dos rapaces os oficios ou profesións realizados polos homes máis achegados a eles non lles gustan, pero dicían que os realizarían dando os mesmos motivos que os levan a admiralos.

Dun xeito moi minoritario algún dos rapaces salientou que admiraba algunha muller achegada a el, destacando que era porque o coidaba, porque se preocupaba del ou traballaba moito.



dinámica 2: os soles diversos

Nesta dinámica animamos as participantes e os participantes a non identificarse coas calidades impostas pola socialización como propias de cada xénero e asumidas como tal.

Obxectivos

\ Construír dun xeito participativo e significativo para as rapazas e os rapaces o concepto de xénero.

\ Reflexionar sobre as calidades, actitudes e accións que se atribúen a cada persoa en función do xénero.

\ Impulsar o desenvolvemento doutro tipo de capacidades á marxe dos mandatos de xénero e reforzar as persoas que si os desenvolven a pesar da dificultade que isto implica, insultos por parte das demais ("marimacho", "marica"...).

\ Contribuír a unhas relacións de equidade entre o alumnado ao "desmontar" o binomio activo-pasiva, agresivo-sufridora.

\ Facer conscientes as participantes e os participantes das limitacións de xénero impostas desde a educación, a sociedade e a cultura.

\ Valorar certos aspectos do mundo feminino non privilexiados socialmente.

\ Promover unha imaxe positiva dos participantes e das participantes.

Duración

40 minutos

Materiais

Fichas dos soles, dous paneis grandes: un con dous soles debuxados (pódeos facer o alumnado) e outro con un único sol, material para escribir.

Desenvolvemento

1. Utilízase a Ficha 1 dos soles. Cada quen, individualmente, escribe dentro dun sol a palabra "muller" e dentro do outro a palabra "home", ao redor das palabras "muller" e "home" escriben dez palabras (adxectivos, substantivos ou verbos) que lles suxire cada termo. Trátase de escribir espontaneamente as palabras que xurdan, sen ningunha censura.

2. En dous carteis grandes de papel alguén vai recollendo todas as palabras que foron saíndo sobre cada termo.

3. Debátese en gran grupo as ideas que apareceron.

4. Reflexiónase sobre que termos son exclusivamente biolóxicos e cales son os atribuídos pola sociedade, a cultura e a educación (sexo-xénero).

5. Na ficha 2, escriben individualmente dentro do primeiro sol a palabra "persoa" e ao seu redor as palabras que máis nos gustaron, tanto as referidas a "muller" como a "home".

6. Nun cartel de papel constrúen na parede un novo sol en común negociando unha serie de cualificativos e verbos que xulguen positivos para "persoa".

7. Finalmente cada quen debuxa un último sol ao que lle pon "EU" (ficha 2) e escribe ao redor calidades positivas que pensa que ten. Pode coller ideas dos anteriores soles. Preguntamos se está máis próximo ao rol masculino ou ao feminino.

Orientacións para o profesorado

Nesta dinámica o fundamental é falar do tema de xénero, das relacións de poder entre os xéneros, dos límites persoais, das posibilidades de desenvolver ou potenciar capacidades ou habilidades que, socialmente, non se atribúen ao noso xénero e, ao mesmo tempo, poñer en valor atributos ou calidades pertencentes ao mundo feminino.

Hai que ter en conta que as atribucións de xénero se van aprendendo desde a nenez (3 a 5 anos) aínda que é máis adiante (sobre os 14 anos, aproximadamente) cando máis se van exteriorizar. É importante ser conscientes de que todas as persoas temos potencial para desenvolver aqueles aspectos persoais que consideremos oportunos. Deste xeito, os homes poden desenvolver a súa capacidade de expresar sentimentos de tristura, de medo, de cariño, de preocupación polas demais persoas, de coidado etc. e as mulleres de expresar enfado, rabia, de dicir que non, de afirmación de si mesmas etc.

Á hora de realizar esta dinámica ao profesorado pode xurdirlle a seguinte pregunta:

Como modificar a aprendizaxe dos estereotipos?

A modificación dos estereotipos é un proceso lento xa que o cambio dunha conduta non implica necesariamente a mudanza na crenza pois, moitas veces, o sistema de crenzas é resistente ao cambio.

Podemos poñer como exemplo a máxima de "os homes non son bos nas tarefas do fogar". Historicamente nunca desenvolveron esta tarefa, entón, a crenza funciona tamén como unha especie de profecía autocumprida, o que dalgún xeito impide ou anula a aprendizaxe. O mesmo exemplo poderiámolo poñer coas mulleres condutoras.

O que si temos que ter en conta é que no momento en que se cuestiona de maneira persistente a conduta, esta adoita modificarse.

De feito, no momento actual, cada vez máis homes fan as tarefas do fogar e a condución nas mulleres é un feito xeneralizado, polo tanto, cada vez será máis inviable manter estas dúas crenzas.

Así os estereotipos de xénero, aínda que son resistentes ao cambio, son transformables.

Reflexións sobre a experiencia

Os adxectivos que o alumnado máis emprega na dinámica son aqueles relativos á personalidade e nun segundo termo os relativos ás destrezas.

As características físicas son asociadas normalmente as mulleres e as afeccións os homes.

Os valores aparecen tanto nas mulleres como nos homes en igual medida e adoitan saír nocións abstractas como rosa asociado ás mulleres e azul aos homes.

Os estereotipos resultantes en cada sol, na maior parte dos resultados, aparecen como dúas categorías excluíntes e dicotómicas.

De feito, os estereotipos que aparecen en positivo nun sol adoitan aparecer como negativos no outro, por exemplo: se no sol dos homes aparece o adxectivo leais cos seus compañeiros no das mulleres sae cotillas ou se no sol das mulleres sae tranquilas no dos homes sae violentos.

Ao igual que nas crenzas máis tradicionais, os estereotipos de xénero percíbense en gran medida como algo polarizado e enfrontado, funcionando como o anverso e o reverso dunha mesma moeda.

Normalmente a visión máis estereotipada adoita corresponderse coa do sexo oposto, con respecto ao propio sexo a visión acostuma aparecer como máis rica e diversa.

Así, os estereotipos sobre as demais persoas sempre adoitan ser máis extremos que os propios. Mais, curiosamente, á hora de adxectivar as categorías home e muller a maioría de rapazas e rapaces auto-exclúense e estereotipan dun xeito abstracto segundo a visión socio-cultural predominante.

Tamén observamos que, a pesar de que o seu propio autoconcepto cambia ante os estereotipos de xénero, a interiorización e a asimilación da noción abstracta (muller-home) segue igual de arraigada que hai trinta anos.

En moitas das aulas, ao alumnado ensinábanselle os resultados da dinámica realizada noutras diferentes e quedaban bastante sorprendidas e sorprendidos ao observar que os adxectivos que saían eran moi parecidos.

Pode resultar interesante, logo de realizar esta dinámica e analizar os seus resultados, preguntarlle ao alumnado se cre que todas as compañeiras e compañeiros da aula se parecen aos adxectivos que resultaron nos soles. A través desta cuestión, pódese traballar co alumnado a idea de que aquilo que coñecemos dun xeito máis próximo e íntimo escapa máis á estereotipización, porque afondamos na súa diversidade e singularidade. Con todo, aquilo que nos é máis descoñecido resúltanos máis doado de enmarcar dentro dunha estrutura ríxida de categorización, que funciona como forma de coñecemento superficial e discriminatoria, dando lugar aos estereotipos.

\ Sol das rapazas

Actitudinal: responsables, sensibles e cotillas
Valores: preocuparse de coidar as demais persoas
Estética: maquillaxe
Oficios: ama de casa
Características físicas: débiles
Sexualidade: estreitas e lobas

\ Sol dos rapaces

Actitudinal: gamberros, vagos e festeiros
Valores: solidarios e leais entre os seus amigos
Estética: corpo deportista/atlético
Oficios: deportistas
Características físicas: fortes (muscularmente)
Sexualidade: saídos

\ Actitudes do alumnado ante esta dinámica

Nunha porcentaxe alta o alumnado cualifica esta dinámica como complexa probablemente porque require concentración e o uso do pensamento abstracto.

Parte do alumnado, antes de facer a dinámica, expresou a súa oposición argumentando que con ela o que se facía era incidir máis nas diferenzas entre homes e mulleres, reforzando posturas sexistas que dificultan a igualdade en lugar de favorecela. Neste punto é importante facerlle ver o alumnado a diferenza entre a igualdade como termo xurídico (entendido como igualdade de aceso e de oportunidades) e a diversidade que existe entre as persoas. O alumnado, polo xeral, entende a igualdade como ter as mesmas características ou formas de ser entre as persoas e non como os mesmos dereitos ou oportunidades. Cústalle chegar á conclusión de pensar en termos de persoa.

É importante incidir na riqueza que achegan as diferenzas individuais das persoas tanto entre as mulleres como entre os homes

dinámica 3: eu quero ser

Esta dinámica pretende abrir o abano de posibilidades con respecto á orientación profesional do alumnado á marxe dos mandatos de xénero.

Obxectivos

\ Ser conscientes das atribucións feitas en función do xénero no mundo laboral e de como se interiorizan para convertelas en expectativas propias.
\ Tratar de potenciar a adquisición de capacidades, habilidades, coñecementos e destrezas á marxe do xénero, anular os límites sobre a escolla profesional en relación aos estereotipos de xénero.
\ Poñer en valor profesións tradicionalmente ligadas ao mundo feminino e os valores que as sustentan (solidariedade, apoio, axuda).

Duración

30 minutos

Materiais

Encerado, xiz e anexo

Desenvolvemento

1. Propónselle a cada participante que escriba a profesión que lle gustaría desenvolver no futuro e as razóns da súa escolla.

2. Recóllense todas as profesións nun panel ou encerado, separando en dúas columnas as que elixiron os nenos e as que elixiron as nenas.

3. Faise unha análise mediante un gran debate en grupo sobre os nesgos de xénero en tales eleccións.
\ Existe uniformidade en canto as eleccións das nenas e dos nenos?
\ A que ámbitos se refiren? (ficha 1)
\ Que profesión non escolleriamos nunca e por que? Ten algo que ver coa educación de xénero?
\ Cantas profesións saíron? Son moitas ou poucas?

4. Achégase a ficha 2 e cada quen a revisa individualmente e sinala tres profesións máis que lle poderían interesar. Vólvese poñer en común e debátese sobre o aumento de profesións elixidas.

5. Recoméndase que, se se quere profundar máis, se lle pida ao alumnado que indique os pasos a seguir para conseguir a profesión ou profesións seleccionadas.

Orientacións para o profesorado

É preciso ter en conta as profesións ligadas tradicionalmente a cada xénero para poder guiar o debate. Prodúcese neste caso unha profecía autocumprida en canto ao que se espera da ocupación das mulleres e dos homes. Se non desmontamos estes mandatos de xénero as nenas seguirán elixindo profesións ligadas ao mundo do coidado e os homes ao prestixio e o éxito individual.

Cando se realiza esta dinámica é tan importante fixarse na profesión que escolle cada persoa como a razón que argumenta para escollela (por exemplo: médica para axudar á xente ou médico para gañar cartos)

Nunha alta porcentaxe, as mulleres escollen traballos que son unha extensión do seu papel tradicional (coidado, estética, educación, limpeza,...) isto tradúcese en profesións ligadas ás humanidades, ao ensino, á sanidade, ao traballo social, á estética, ao comercio, etc.

Pola contra, os homes acostuman escoller profesións onde se valora máis o éxito individual e as capacidades

intelectuais (enxeñarías, ciencias, etc.) e habitualmente en cargos de maior poder que as mulleres (médicos, políticos, directores, etc.).

É importante potenciar os valores positivos que sustentan cada escolla e valoralos á marxe do xénero que os realizou tradicionalmente. Por exemplo, potenciar o coidado e a solidariedade pero tamén a satisfacción persoal.

Reflexións sobre a experiencia

Nos obradoiros onde se realizaba esta dinámica a selección de profesións que facía o alumnado continuaba moi vinculada ao xénero, ademais era moi limitada posto que se elixían un número moi reducido de profesións.

É por isto que se achega un anexo (ficha 2) cun listado amplo de profesións para propoñer como alternativas viables ás que o alumnado elixe normalmente.

Temos que tentar que o alumnado amplíe o seu abano de opcións profesionais e que ademais o faga sen o nesgo de xénero, isto é, que cada persoa elixa a súa profesión porque é a que realmente lle gusta e non porque sexa a que se espera que realice.

Cando se finalice esta dinámica, recoméndase que comparen as conclusións sacadas da actividade dos soles diversos coas conclusións desta, así o alumnado pode reflexionar e decatarse, dun xeito moi visual, de como as características que se asignan as persoas, en función do seu sexo, son as que se poñen moitas veces en práctica nas profesións elixidas.

DATOS OBTIDOS DA DINÁMICA DAS PROFESIÓNS

Logo de levar a cabo esta dinámica nos diferentes centros de ensino observamos que:

\ Continúa a existir unha clara división sexual do traballo a hora da elección profesional.

\ O 90% das mulleres elixiron profesións relacionadas coas humanidades e ciencias da saúde. Dentro destas ramas as máis elixidas foron as dedicadas ao coidado:

1. educadora infantil
2. psicóloga
3. veterinaria
4. avogada (para axudar á xente)

\ Tamén nunha proporción elevada as mulleres elixiron carreiras de estética e perrucaría.

\ Un 70% das mulleres elixiron itinerarios relacionados co ámbito universitario, proporción que diminúe nos rapaces ata un 40%. Este dato indícanos unha progresiva feminización da universidade que non se traslada aos postos de maior responsabilidade dentro dela, no Estado Español tan só hai catro mulleres reitoras nas 72 universidades.

\ Nos homes os traballos maioritarios son os relacionados coa técnica e a forza física.

\ Outros dos aspectos importantes que citan os alumnos á hora de elixir a súa profesión son o prestixio, a autoridade ou os cartos.

1. mecánico
2. electricista
3. informático
4. enxeñeiro
5. empresario

\ De feito en todas as aulas sempre había un ou dous rapaces que destacaban que de maiores lles gustaría ser:

- \ millonarios
- \ presidentes do goberno
- \ futbolistas de prestixio
- \ banqueiros recoñecidos
- \ músicos famosos

Isto nunca se deu en ningunha das mulleres dos centros onde se realizou este obradoiro.

\ A carreira que máis elixen en común mulleres e homes é a de dereito, mais a razón pola que a escollen é radicalmente diferente, os homes elíxena como xeito de lograr cartos e poder e as mulleres para defender os dereitos das persoas, remarcando en moitos casos os das persoas máis necesitadas.

\ É importante salientar que, entre todo o alumnado ao que se lle realizou a dinámica, as opcións profesionais que barallaban eran moi escasas, unhas sesenta para os homes e unhas cincuenta para as mulleres. Se falamos de ramas profesionais estas diminúen moito máis no caso das mulleres.

dinámica 4:
o mural das profesións

Obxectivos

\ Ampliar o abano profesional do alumnado.
\ Fomentar a escolla libre de profesións.
\ Visualizarse realizando profesións en que non tiveran pensado antes.
\ Potenciar as capacidades de autoestima do alumnado.

Duración

40 minutos

Materiais

Fotos tamaño carné do alumnado, imaxes de diversas profesións, tesoiras, pegamento, cartón pluma.

Desenvolvemento

1. A persoa docente recompilará un abano amplo de imaxes onde se vexan a persoas desenvolvendo profesións laborais.

2. Nun sobre introdúcense as profesións que normalmente desempeñan os homes e no outro as profesións que habitualmente realizan as mulleres.

3. O sobre en que se encontren as profesións feminizadas será o que se entregue aos rapaces da aula e o das masculinizadas o que se entregue ás rapazas.

4. Cada persoa terá que elixir unha imaxe da profesión do sobre que lle corresponda e pegar a súa foto enriba dela.

5. Cando todo o alumnado teña elixida a súa profesión e coa súa foto pegada, deberá pegala de novo no cartón pluma que poderá quedar como mural para a aula.

Observacións para o profesorado

Esta dinámica é óptima para realizar como peche das actividades polo seu carácter lúdico e porque o alumnado debe realizala en función dos contidos traballados ao longo da unidade didáctica.

Reflexións sobre a experiencia

Esta actividade ten resultados moi positivos, sobre todo, naquel alumnado que ten máis dificultades na toma de decisións persoais, que non ten claro en que lle gustaría traballar ou que se atopa máis inseguro á hora de desenvolver as súas capacidades, polo feito de que cada persoa se visualiza realizando a profesión elixida.



dinámica 5:
as posturas adquiridas

Obxectivos

\ Analizar como ocupamos o espazo en función do xénero.
\ Reflexionar sobre as aprendizaxes que reproducimos dunha forma mecánica.
\ Desenvolver a actitude crítica.

Duración

20 minutos

Material

Ficha 1 para o profesorado

Desenvolvemento

1. Ao comezar a clase a persoa docente diralle ao alumnado que pode sentar onde queira.

2. Nun momento determinado da clase diralle ao alumnado que non se mova da posición en que se atopa.

3. A persoa docente preguntaralle ao alumnado en función das cuestións da ficha 1.

4. Reflexión final en gran grupo.

Observacións para o profesorado

É importante que o profesorado realice esta dinámica cando observe que se repite máis a pauta.

Reflexións sobre a experiencia

A realización desta dinámica é sumamente interesante na aula xa que é unha forma de analizar o que temos aprendido e que reproducimos dun xeito automático.

Supón explicitar aquelas actitudes que forman parte da compoñente e da socialización de xénero e que reproducimos crendo que é algo natural ou innato.

Nos centros onde se levou a cabo esta dinámica o alumnado elixía onde quería sentar e, na maior parte dos casos, sentaban segregados e segregadas por sexos. Houbo mesmo aulas onde se produciu unha segregación total: todos os rapaces da aula sentados nun lado do círculo e todas as rapazas no outro.

Cando se reflexionaba sobre a distribución dos espazos dedicados ao recreo nos centros, na maior parte deles, notabamos que o espazo central dedícase ao campo de fútbol, espazo que é ocupado polos rapaces; nas marxes do campo de fútbol é onde se sitúan as rapazas, exceptuando aquelas poucas que xogan ao fútbol.

Nos centros onde existe máis dun espazo para o recreo dáse unha segregación por sexos, o dos rapaces un e outro que ocupan as rapazas.

dinámica 6:
se el nacera muller

Obxectivos

\ Recoñecer e valorar o traballo realizado polas mulleres ao longo da historia.

\ Analizar os contidos escolares e a falta de presenza das mulleres nos relatos destes contidos.

\ Utilizar os relatos e contos como forma de aprendizaxe.

Duración

45 minutos

Materiais

Ficha 1: Relato *Filadelfia 1778: si el hubiera nacido mujer* que aparece no libro de Eduardo Galeano, *Mujeres*. Editorial Alianza Cien. 1995, Madrid.

Ficha 2

Desenvolvemento

1. Unha persoa voluntaria da aula le en alto e a modo o relato: ficha 1.

2. En grupos de catro ou cinco persoas fan unha posta en común e contestan as diferentes preguntas que aparecen na ficha 2.

3. Posta en común das respostas.

4. Debate en profundidade afondando naquelas ideas que saíron ao longo da dinámica a favor de lograr os obxectivos propostos.

Orientacións para o profesorado

Este relato é moi doado de traballar na aula, primeiro porque ten unha extensión curta e segundo porque gusta bastante entre o alumnado.

Reflexións sobre a experiencia

Esta dinámica propicia o debate e a actitude crítica por parte do alumnado. Unha parte grande do alumnado que a realizou recoñecía que nunca reparara na falta de traballo e das achegas das mulleres nos contidos que estudan; do mesmo xeito, tampouco pensaran sobre a falta de oportunidades das mulleres, con respecto dos homes, á hora de poder elixir sobre a súa traxectoria vital.

A maior parte do alumnado tamén concluía que a situación das mulleres de antes é ben diferente á actual, entre outras cousas, porque hoxe en día elas teñen acceso aos estudos, aos empregos remunerados e un número menor de fillos que as nosas avoas. Pero tamén argumentaban que moitos dos traballos que realizan hoxe as mulleres non están o suficientemente valorados nin recoñecidos.

Ademais, a través do relato, pódense tratar diferentes temas relacionados co xénero e a igualdade de oportunidades. En función do tema que prefira tratar o profesorado pode afondar máis nun aspecto ou noutro.

Desde o noso punto de vista, é importante traballar, a través deste relato, o recoñecemento e a importancia do traballo das mulleres como parte esencial para a existencia das persoas, tanto física como emocionalmente.

No relato os aspectos aos que se fai mención do traballo das mulleres son:

\ Coidado físico da familia:

1. Lavar a roupa.
2. Facer a comida.
3. Lavar a louza.
4. Atender os pequenos
5. Ensinalos a ler e escribir.
6. Coidar da súa nai e do seu pai cando son maiores.

\ Coidado emocional da familia.

\ Traballar no Obradoiro.

É importante facerlle ver ao alumnado como toda esta cantidade de tarefas é indispensable para desenvolvernos como persoas e que, aínda a día de hoxe, están moi infravaloradas, pero no camiño para que cada vez se lles dea o valor e a importancia que se merecen.

Tamén salientar que esta infravaloración das tarefas produciu a súa invisibilización.

Outro aspecto importante a tratar é a falta de tempo persoal de Jane. Subliña o propio relato Jane nunca tivo tempo para pensar, este punto é importante salientalo para que o alumnado reflexione sobre que persoas teñen máis tempo libre non seu contorno próximo. Hoxe en día as mulleres continúan a dispoñer de menos tempo libre para si mesmas que os homes, feito que se incrementa naquelas mulleres que traballan tamén fóra da casa.

Un punto importante que se pode traballar nesta dinámica é a falta de relatos, nos contidos educativos, sobre a situación das mulleres nas diferentes épocas, os seus traballos, as súas achegas ao longo da historia etc. En resumo, a invisibilización que actualmente continúa a existir na gran parte das materias educativas sobre a vida das mulleres.

11

avaliacións

A avaliación dentro desta unidade didáctica enténdese como un momento para a reflexión e a súa análise, onde están implicadas todas as persoas que participaron no seu desenvolvemento.

Por este motivo, neste apartado hai avaliacións dirixidas para o alumnado e para o profesorado.

Dentro das avaliacións dirixidas ao alumnado achéganse unha avaliación oral e outra escrita.

Nas avaliacións dirixidas ao profesorado a primeira é unha enquisa dirixida, que se recomenda facer previamente da unidade didáctica, para reflexionar ao redor da predisposición no centro con respecto á igualdade de xénero; a segunda é para que o profesorado avalíe a propia unidade didáctica.

AVALIACIÓNS PARA O ALUMNADO

Avaliación oral

A avaliación oral é importante realizala nada máis rematar as actividades para que o alumnado exprese como se sentiu durante o obradoiro, as primeiras reflexións e sensacións ao redor do obradoiro e da súa participación. Recoméndase facer unha rolda onde todas as persoas teñan unha quenda de palabra que poden utilizar ou non, pero que cada quen sinta que ten un espazo onde poder expresarse sen ter que disputarllo a ninguén. Esta fase é útil para solventar posibles dúbidas que ficaron sen resposta, para explicar o porqué das cousas que non quedaron claras e para valorar o clima xeral. Tamén é importante explicitar a diversidade de opinións fronte ás actividades e recoller as contribucións que faga o alumnado.

Avaliación escrita

\ Que actividade che gustou máis? Por que?
\ Que actividade che gustou menos? Por que?
\ Que utilidade lle ves ao aprendido no obradoiro?
\ Foi útil o obradoiro? Por que?
\ Que cousas novas engadirías?
\ Que lle sacarías?
\ Das cousas novas que aprendiches, cal chamou máis a túa atención?
\ Parécenche importantes estes temas para o teu desenvolvemento persoal?
\ Que opinas da túa participación nas actividades?
\ E da dos teus compañeiros e compañeiras?
\ Que che pareceu o tempo de duración das actividades?
\ Que máis che gustaría engadir.

AVALIACIÓNS PARA O PROFESORADO

Avaliación 1

\ Como se enfoca a orientación laboral no centro? Pensas que se ten en conta a perspectiva de xénero cando se aborda este tema?
\ Pensas que existen unhas expectativas diferenciadas nos docentes en canto aos rendementos das alumnas e os alumnos?
\ Revísanse os materiais didácticos que se empregan para evitar estereotipos de xénero, culturais etc.?
\ Foméntase no centro, dalgún xeito, a igualdade de dereitos e deberes nas alumnas e alumnos?
\ Realízase unha selección dos contidos curriculares de xeito que se visibilice as mulleres e se exclúan contidos sexistas?
\ Propostas para o cambio no centro.

Avaliación 2

Con esta avaliación preténdese a reflexión sobre a práctica de cara a mellorar os contidos e a metodoloxía desta unidade didáctica.

Valoración da unidade didáctica.
\ Están claros os obxectivos e contidos? Son os axeitados, no sentido de nin extensos nin escasos?
\ Existe unha adecuación das actividades a eles?
\ É suficiente o marco teórico que se achega?
\ Está ben estruturado?
\ Comenta os puntos máis interesantes da unidade didáctica á hora de aplicalos na aula e os máis febles. Propostas.
\ A bibliografía achegada é accesible e útil?
\ Os materias de traballo na aula son cómodos e adaptables?
\ Están correctamente temporalizadas as actividades?

\ Obsérvanse cambios actitudinais no alumnado logo da realización da unidade?

\ As avaliacións son axeitadas para extraer información significativa da realización da propia unidade didáctica?

\ Observacións e achegas.

12

glosario

ACCIÓN POSITIVA

Medida social dirixida á mellora da participación das mulleres, proporcionándolles a oportunidade de equiparar a súa situación histórica de maior desvantaxe social.

ANDROCENTRISMO

Lóxica pola que se lle concede primacía ao punto de vista do home a nivel de discurso científico, saberes, coñecementos e xestión destes e que se utiliza como modelo.

CIDADANÍA[2]

Para a teoría política feminista é un concepto importante debido ao esforzo realizado para acadar a incorporación das mulleres á cidadanía; esta implica que cada persoa transcenda as súas particularidades e diferenzas, é dicir, as súas experiencias, perspectivas e intereses particulares, o que significa asumir un punto de vista universal como propio, ademais se lle atribúen dereitos inherentes e indiscutibles polo feito de ser cidadá.

CURRÍCULO OCULTO

Pautas, normas e valores que non están explicitados de forma patente mais forman parte dos hábitos de docencia, tanto en termos de atención ao alumnado, como en observacións, valoracións etc. que o profesorado realiza.

CHANS PEGAÑENTOS

Refírese á concentración das mulleres nas escalas máis baixas do mercado laboral desde as que é moi difícil seguir mellorando e obtendo postos de mellores condicións.

[2] Adaptación da definición de Ortega, Margarita et al. *Género y ciudadanía: revisiones desde al ámbito privado.* Madrid: Instituto de la Mujer, 1999. 508 p.

DEREITOS SEXUAIS

Fan referencia ao dereito de exercer unha sexualidade pracenteira, como tamén o dereito á liberdade e á autonomía na expresión da sexualidade.

DIVISON SEXUAL DO TRABALLO

Asignación de traballos e roles a partir das diferenzas sexuais.

EMPODERAMENTO

A nivel individual refírese ao proceso de toma de control das mulleres sobre as decisións e os asuntos que afectan á súa vida.

A nivel grupal vai referido á necesidade de que as mulleres como colectivo contribúan e decidan, en plenitude de condicións, na construción da sociedade.

ESTEREOTIPO[3]

Construcións mentais que reproducen unha concepción esquemática simplificadora do mundo.

EQUIDADE

Proceso de actuar de forma xusta dentro do contexto da necesidade e non da igualdade. A equidade representa un imperativo de carácter ético, asociado con principios de xustiza social e dereitos das persoas.

ENFOQUE OU PERSPECTIVA DE XÉNERO

Sistema polo que se analizan os roles distintos das mulleres e dos homes, as relacións desiguais de poder entre eles e elas e as consecuencias destas desigualdades sobre as súas vidas, a súa saúde e o seu benestar.

FEMINISMO[4]

Conxunto de teorías e prácticas políticas e sociais que defenden o recoñecemento dos dereitos das mulleres e loitan pola igualdade entre mulleres e homes. Tamén reivindican a historia das mulleres e os seus logros.

Historicamente o termo difúndese por primeira vez en 1892 cando se realiza o primeiro Congreso Internacional de Mulleres, celebrado polo movemento de mulleres sufraxistas francesas en París.

HETEROSEXUAL

Persoas atraídas, amorosa ou sexualmente, polas persoas do sexo oposto.

HOMOSEXUAL

Terminoloxía formal para as persoas, sexual ou amorosamente, atraídas por persoas do seu mesmo sexo. Usualmente emprégase exclusivamente para referirse aos varóns aínda que a palabra pode facer referencia tanto a mulleres como a varóns, pois homo significa igual e non home. Para referirse exclusivamente aos homes pódese empregar gai.

[3] (*Guía de prevencion de violencia de género*. Federación de mujeres jóvenes., 2006

[4] (Inter. Press Service. *Perspectiva de género. Glosario de términos*. Roma: IPS, 1997. 100 p.)

IGUALDADE DE XÉNERO

Refírese á ausencia de discriminación, con respecto ao sexo, sobre as oportunidades e o acceso aos recursos de que as persoas gozan.

LESBIANA

Muller atraída, sexual ou amorosamente, por persoas do seu mesmo sexo. Historicamente o termo fai referencia a unha comunidade de mulleres que vivían na illa grega de Lesbos no século VII a.c.

MACHISMO[5]

Conxunto de normas, actitudes e trazos socioculturais que teñen como fin último perpetuar o dominio e o control do poder dos varóns e a submisión das mulleres.

MISOXINIA

Actitude de odio ás mulleres polo feito de selo.

PARTICIPACIÓN

A participación concíbese como o exercicio do dereito cidadán a incidir sobre os procesos que afectan o propio benestar.

PATRIARCADO[6]

Forma de organización social en que o varón exerce a autoridade en todos os ámbitos, asegurándose a transmisión de poder e a herdanza pola liña masculina.

SAÚDE

Segundo a Organización Mundial da Saúde é o estado de completo benestar físico, mental e social e non só a ausencia de afeccións ou enfermidades.

SEGREGACIÓN HORIZONTAL

Concentración das mulleres en determinadas ramas laborais: sector servizos, administración, limpeza, estética e educación.

SEGREGACIÓN VERTICAL

Fai referencia á ausencia das mulleres nos postos de maior responsabilidade ou poder dentro do ámbito laboral.

SEXISMO

Suposición ou crenza de que o sexo feminino é inferior ao sexo masculino.
Tamén fai referencia aos mecanismos polos que se mantén a situación de inferioridade e subordinación do sexo feminino con respecto ao masculino.

[5] (Inter. Press Service. *Perspectiva de género. Glosario de términos*. Roma: IPS, 1997. 100 p.)
[6] http://face.uncoma.edu.ar/cepint/seminario/glosario.html (6)

SEXO

Diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes.

SEXUALIDADE

Construción bio-psico-social porque inclúe os aspectos físicos, emocionais, intelectuais e sociais do ser sexuado. Tamén pode referirse ao conxunto de prácticas sexuais.

TEITO DE CRISTAL

Dificultades que proveñen das desigualdades no contorno laboral e que impiden avanzar ás mulleres na súa carreira profesional.

XÉNERO

Conxunto de atribucións e características socioculturais que se lles fan aos homes e ás mulleres. Varían dunha cultura a outra. E como as culturas se modifican no tempo estas atribucións tamén se modifican.

Encontrámonos tamén coas normas e os roles de xénero.

Normas de xénero: son as crenzas sobre as que se constitúen os comportamentos axeitados para as mulleres e os homes.

Roles de Xénero: son as actividades que as expectativas sociais asignan ás mulleres e aos homes.

13

bibliografía

Altable, Charo. *Co-educación sentimental. Cuadernos de pedagogía*, 261pp.64-68. 1997.

Bonal, X. *Las actitudes del profesorado ante la co-educación. Propuestas de intervención*. Barcelona. ED. Grao. 1997.

Estudio para conocer la Igualdad en España. Instituto de la mujer. Junio 2004.

Fernández Galván, M. y Fernández Sierra, J. (1999) *Adaptación y Diversificación Curricular. Retos, Posibilidades y Contradicciones.*

Fernández Sierra, J. (coor.) *Acción Psicopedagógica en Educación Secundaria: Reorientando la Orientación.* Málaga: Aljibe. 1999

Guía de orientación profesional "El futuro en tus manos". Instituto de la mujer región de Murcia. Consejería de presidencia. 2005.

Lomas, C. (comp.) *¿Iguales o diferentes? Género, Diferencia sexual, Lenguaje y Educación.* Barcelona: Paidós. 1999.

Mujeres en la Educación. Instituto de la Mujer. Ministerio de trabajo. 2005.

Puissi, A. M. y Bianchi, L. (Edt.) *Saber que se Sabe. Mujeres en la Educación.* Barcelona:Icaria. 1996

Subirats, Marina y Brullet, Cristina. *Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta.* Madrid: Ministerio de Cultura. Instituto de la Mujer. Madrid. 1988.

bibliografía na rede

A páxina web do proxecto é a seguinte: www.contaconelas.org

Outras páxinas interesantes na rede:

www.educacionenvalores.org
www.educarenigualdad.org
www.mujeresenred.net
www.singenerodedudas.com
www.ciudademujeres.com
www.e-leusis.net
www.lasmoiras.org
www.genero.bvsalud.org

anexo

Os datos do apartado "E. Datos da Desigualdade" foron sacados das seguintes fontes:

\ *Mujeres en la Educación*. Instituto de la Mujer. Ministerio de trabajo. 2005.
\ *Estudio para conocer la Igualdad en España.* Instituto de la mujer. Junio, 2004.
\ *Datos y cifras del sistema universitario español. Curso 2006/2007.* MEC. Consejo Coordinador Universitario.
\ *Estudio sobre a situación socio-laboral das mulleres en Galicia.* Consello Galego de Relacións Laborais.
\ www.mtas.es/mujer/mujeres/cifras/index.htm
\ www.mtas.es/mujer/mujeres/igualdad /index.htm
\ www.mtas.es/mujer/politicas/ley.igualdad/index.htm
\ Fundación Adecco, 3º encuesta Adecco ¿Que quieres ser de mayor? En: www.adecco.es/_data/NotasPrensa/pdf/53.pdf

O Proxecto Conta con elas conta coa colaboración de Lilith. Acción Social e Educativa, SL para a redacción desta publicación. Para calquera dúbida, suxestión ou valoración, poden dirixirse ao seguinte enderezo: lilithempresa@gmail.com

+as conta CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

CC.OO. · CEP · DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA · CIG Confederación Intersindical Galega · fundación caixanova · UGT · UNIVERSIDADE DE VIGO

eQual · Fondo Social Europeo

unidade didáctica "Cambiando os guións, eu tamén quero ser..."
INTERVENCIÓN ESCOLAR PARA UNHA ELECCIÓN PROFESIONAL MÁIS LIBRE

unidade didáctica

"Cambiando os guións, eu tamén quero ser..."

INTERVENCIÓN ESCOLAR PARA UNHA ELECCIÓN PROFESIONAL MÁIS LIBRE

Fondo Social Europeo · eQual

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

+as conta CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

idade didácti
biando os gu
mén quero se
NTERVENCIÓ
OLAR PARA U
ELECCIÓN
OFESIONAL M
LIBRE

dinámica 1: enquisa inicial para o alumnado

ficha1

\ Cita os oficios ou profesións que teñan as mulleres máis achegadas a ti

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Posteriormente cita as dos homes.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Teñen as mesmas profesións?

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Independentemente da resposta explica a que cres que é debido.

.....

.....

.....

.....

.....

\ Do teu contorno máis achegado:
Que persoa da túa casa dedica máis tempo a traballar?
Por que cres que traballa máis a persoa que puxeches?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Cita algunha persoa achegada a ti que admires.

.....

.....

.....

.....

\ É pola profesión ou oficio que desempeña? Se a resposta é afirmativa:
Indica cal é a súa profesión e se che gustaría ter a mesma.

.....

.....

.....

.....

\ Que tarefas domésticas realizas na túa casa?

.....

.....

.....

.....

\ Quen realiza as tarefas domésticas na túa casa normalmente?

.....

.....

.....

.....

dinámica 2:
os soles diversos

ficha1





dinámica 2:
os soles diversos

ficha2





dinámica 3:
eu quero ser

ficha1 para o profesorado

As profesións que aparecen nesta ficha son aquelas que máis elixe o alumnado nos obradoiros realizados. O que aquí presentamos é un guía de como elaborabamos nós os ámbitos profesionais de xeito que quedase reflectida a división sexual existente no ámbito laboral.

PROFESIÓNS ELEXIDAS MAIORITARIAMENTE POLAS MULLERES

coidado	educación	humanidades	profesións tradicionalmente masculinas (minoritarias)	atención ao público	estética e imaxe
MÉDICA	EDUCADORA	XORNALISTA	AERONÁUTICA	ADMINISTRATIVA	DISEÑADORA GRÁFICA
BIÓLOGA	INFANTIL	ANTROPÓLOGA	ELECTRÓNICA	RELACIÓNS PÚBLICAS	DISEÑADORA DE MODA
PSICÓLOGA	PROFESORA	ARQUEÓLOGA	FUTBOLISTA	SECRETARIA	ACTRIZ
EDUCADORA INFANTIL	MONITORA	HISTORIADORA	GARDA CIVIL	GUÍA TURÍSTICA	AZAFATA
FISIOTERAPEUTA			EMPRESARIA		PERRUQUEIRA
ENFERMEIRA			ENXEÑEIRA INFORMÁTICA		ESTÉTICA
AVOGADA			ENXEÑEIRA		PUBLICISTA
ASISTENTA SOCIAL			POLÍTICA		TÉCNICA DE IMAXE
AZAFATA			POLICÍA		
VETERINARIA			ARQUITECTA		
MONITORA					

dinámica 3:
eu quero ser

ficha1 para o profesorado

As profesións que aparecen nesta ficha son aquelas que máis elixe o alumnado nos obradoiros realizados. O que aquí presentamos é un guía de como elaborabamos nós os ámbitos profesionais de xeito que quedase reflectida a división sexual existente no ámbito laboral.

PROFESIÓNS ELEXIDAS MAIORITARIAMENTE POLOS HOMES

científico tecnolóxico	deportes esforzo físico	prestixio	autoridade	creatividade	non esforzo	automoción
INFORMÁTICO	PILOTO DE RALLY	TÉCNICO DE RAIOS X	POLICÍA	ACTOR DE TEATRO	XUBILADO	PILOTO DE RALLY
ELECTRÓNICA	PROFESOR DE EDUCACIÓN FÍSICA	NOTARIO	BOMBEIRO	ESCRITOR	BAILARÍN ERÓTICO	PILOTO DE AVIÓN
ELECTRICISTA	FUTBOLISTA	FUNCIONARIO	MILITAR	BELAS ARTES	MILLONARIO	MECÁNICO
METALURXIA	DEPORTISTA	MÉDICO	GARDA CIVIL	FOTÓGRAFO		DESEÑADOR DE AUTOMOBILES
TECNICO DE SONIDO	FISIOTERAPEUTA	MILLONARIO		DESEÑADOR DE MODA		
ENXEÑEIRO ELECTRÓNICO INDUSTRIAL	COMENTARISTA DEPORTIVO	PRESIDENTE DO GOBERNO / REI				
ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓNS	XOGADOR BALONMÁN BALONCESTO	BATERÍA DE MÚSICA/FAMOSO				
FONTANEIRO	BOMBEIRO	EMPRESARIO				
CARPINTEIRO		BANQUEIRO				
		AVOGADO				

dinámica 3: eu quero ser

ficha2

\ Avogada/o
\ Actriz, actor
\ Administrativo/a de fincas
\ Administrativo/a comercial
\ Administrativa/o de xestión e persoal
\ Agricultor/a
\ Oleira/o
\ Analista de mercados
\ Animador/a sociocultural
\ Antropóloga/o
\ Arquiveira/o
\ Arqueóloga/o
\ Arquitecta/o
\ Artesá / artesán
\ Asesor/a de empresas
\ Atleta
\ Auxiliar a domicilio
\ Axente de bolsa
\ Axente de seguros
\ Axente de viaxes
\ Bailarín/a
\ Banqueira/o
\ Bibliotecario/a
\ Bióloga/o
\ Bombeiro/a
\ Botánica/o
\ Caixeiro/a
\ Cámara
\ Camareiro/a
\ Cantante
\ Carpinteira/o
\ Carteira/o
\ Cartógrafa/o
\ Ceramista
\ Coidador/a
\ Cociñeira/o
\ Compositor/a
\ Condutor/a
\ Consultor/a
\ Contable
\ Coreógrafa/o
\ Costureira/o
\ Criminóloga/o
\ Decorador/a
\ Delineante
\ Deportista
\ Deseñador/a
\ Dietista
\ Director/a de cine/orquestra
\ Deseñador/a de roupa
\ Deseñador/a gráfico
\ Documentalista
\ Economista
\ Educador/a infantil
\ Electricista
\ Enfermeiro/a
\ Escenógrafa/o
\ Escritor/a
\ Escultor/a
\ Estadista
\ Esteticista
\ Estilista
\ Etnóloga/o
\ Farmacéutico/a
\ Filóloga/o
\ Filosofa/o
\ Fisioterapeuta
\ Fontaneira/o
\ Fotografa/o
\ Froiteira/o
\ Funcionario/a

continúa

\ Gandeira/o
\ Garda forestal
\ Garda de seguridade
\ Guionista
\ Hixienista dental
\ Historiador/a
\ Hostaleira/o
\ Ilustrador/a
\ Informador/a turístico/a
\ Informática/o
\ Enxeñeira/o: Agrónoma/o, física/o, química/o, obras públicas, industrial, montes, aeronáutica/o, mariña/o
\ Limpador/a
\ Locutor/a
\ Logopeda
\ Malabarista
\ Maquillador/a
\ Mariñeira/o
\ Masaxista
\ Matemática/o
\ Mecánica/o
\ Metalúrxica/o
\ Modista/o
\ Música/o
\ Notaria/o
\ Nutricionista
\ Odontóloga/o
\ Oftalmóloga/o
\ Operario/a
\ Óptico/a
\ Panadeira/o
\ Pasteleiro/a
\ Pedagoga/o
\ Pediatra
\ Perruqueira/o
\ Pintor/a
\ Pintor/a artístico/a
\ Podóloga/o
\ Policía
\ Política/o
\ Preparador/a físico/a
\ Procurador/a
\ Profesor/a: primaria, secundaria, universitaria
\ Protésico dental
\ Psicóloga/o
\ Psiquiatra
\ Publicitaria/o
\ Química/o
\ Redactor/a
\ Relacións públicas
\ Restaurador/a patrimonial
\ Secretaria/o
\ Socióloga/o
\ Socorrista
\ Técnica/o de laboratorio
\ Técnica/o de son
\ Técnica/o de electrónica
\ Técnica/o de laboratorio de imaxe.
\ Técnica/o en prevención de riscos laborais
\ Técnica/o en tratamento da imaxe
\ Topógrafa/o
\ Traballador/a social
\ Tradutor/a
\ Xardineira/o
\ Xeógrafa/o
\ Xeóloga/o
\ Xemóloga/o
\ Xoieira/o
\ Xornalista
\ Xuíz/a

dinámica 5:
as posturas adquiridas

ficha1 para o profesorado

Resaltar que lles chama a atención da disposición que teñen sentados e sentadas en círculo.

Observar canto espazo ocupan cada un e cada unha e como teñen colocadas as pernas.

Comparar as posturas entre os rapaces e as rapazas da aula.

Analizar como sentan habitualmente na aula e se existe tamén unha separación por sexos. Que persoas están sentadas diante, detrás, nos laterais. As persoas sentan individualmente ou en parellas.

Analizar como está distribuído o espazo do recreo. Que ocupa a parte central do mesmo e quen a utiliza.

Comprobar como se sitúan as rapazas e os rapaces na aula de informática ou no laboratorio.

dinámica 6:
se el nacera muller

ficha1

1778, Filadelfia: Se el nacera muller

Dos dezaseis irmáns de Benjamín Franklin, Jane é a que máis se lle parece en talento e forza de vontade.

Pero á idade na que Benjamín marchou de casa para abrirse camiño, Jane casou cun talabarteiro pobre que a aceptou sen dote; dez meses despois pariu o seu primeiro fillo. Desde aquela, durante un cuarto de século, Jane tivo un fillo cada dous anos. Algúns nenos morreron e cada morte abriulle unha ferida no peito. Os que viviron esixíronlle comida, abrigo, instrución e consolo. Jane pasou as noites en vela arrolando os que choraban, lavou montañas de roupa, fregou torres de pratos, ensinou abecedarios e oficios, correu do mercado á cociña, traballou co seu home no obradoiro e atendeu os hóspedes cuxo alugueiro axudaba a encher a pota. Jane foi unha esposa devota e unha viúva exemplar, cando os seus fillos estiveron crecidos fíxose cargo dos seus pais maiores, das súas fillas solteiras e dos seus netos sen amparo.

Jane nunca coñeceu o pracer de deixarse flotar nun lago levada á deriva por un fío de papaventos como adoitaba facer Benjamín, a pesar dos seus anos. Jane nunca tivo tempo de pensar nin se permitiu dubidar. Benjamín continúa a ser un amante fervoroso, pero Jane ignora que o sexo poida producir algo máis que fillos. Benjamín, fundador dunha nación de inventores, é un grande home de todos os tempos. Jane é unha muller do seu tempo, igual a case todas as mulleres de todos os tempos que cumpriron o seu deber na terra e expiaron a súa parte de culpa na maldición bíblica. Ela fixo todo o posible por non tolear e buscou, en balde, un pouco de silencio.

O seu caso carecerá de interese para os historiadores.

Relato Filadelfia 1778: si el hubiera nacido mujer que aparece no libro de Eduardo Galeano, Mujeres. Editorial Alianza Cien. 1995, Madrid.

dinámica 6:
se el nacera muller

ficha2

\ Que é o que máis che gustou deste relato?

.....

.....

.....

\ Que che transmite?

.....

.....

.....

\ Con que idea principal te quedaches?

.....

.....

.....

\ En xeral de que fala este relato?

.....

.....

.....

\ Cres que existen moitos relatos coma este?

.....

.....

\ Cales son as principias diferenzas entre Benjamín Franklin e Jane Franklin?

.....

.....

.....

\ Tiveron os dous as mesmas oportunidades de elección? Por que?

.....

.....

.....

\ Paréceche, despois de ler o relato, acertado o seu título?

.....

.....

.....

continúa

\ Que che suxire a última frase do relato "o seu caso carecerá de interese para os historiadores"?

.....

.....

.....

\ Agora pensa un momento nos contidos que adoitas dar nas clases de historia. Aparecen moitas mulleres? A que cres que é debido?

.....

.....

.....

\ Estúdanse as tarefas que desempeñaban? Cres que as tarefas que realiza Jane están recoñecidas? Razoa a túa resposta.

.....

.....

.....

\ Que traballos realiza Jane? Cal pensas que é o valor do seus traballos?

.....

.....

.....

\ Pensas que Benjamín tivo tempo libre ao longo da súa vida?

.....

.....

.....

\ Agora, despois de ler o relato, pensa nas persoas que teñas máis próximas a ti. Quen cres que ten máis tempo libre? Razoa a túa resposta.

.....

.....

.....

.....

\ Das persoas máis próximas a ti, cres que todas tiveron as mesmas oportunidades á hora de elixir sobre a súa profesión ou traxectoria vital?

.....

.....

.....

\ Con que relaciona Jane a sexualidade? E Benjamín?

.....

.....

.....

avaliación escrita para o alumnado

\ Que actividade che gustou máis? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que actividade che gustou menos? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que utilidade lle ves ao aprendido no obradoiro?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Foi útil o obradoiro? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Que cousas novas engadirías?

.....

.....

.....

.....

\ Que lle sacarías?

.....

.....

.....

.....

\ Das cousas novas que aprendiches, cal chamou máis a túa atención?

.....

.....

.....

.....

\ Parécenche importantes estes temas para o teu desenvolvemento persoal?

.....

.....

.....

.....

\ Que opinas da túa participación nas actividades?

.....

.....

.....

.....

\ E da dos teus compañeiros e compañeiras?

.....

.....

.....

.....

\ Que che pareceu o tempo de duración das actividades?

.....

.....

\ Que máis che gustaría engadir.

.....

.....